

Buenos Aires, 13-6-1962.

Sr. Luís Tobío.  
Montevideo

Benquerido Tobío:

Chegou as miñas mans a túa carta tan cordial do día 7, aledándome moito que atoparas axditado o meu traballo, inda que ben sei que nas túas verbas hai decote exceso de loubanzas para mí.

Podes, dende logo, introducir no traballo as modificaciós de forma e ordeación que atopes necesarias; todo canto tí fagas tén á miña aprobación.

Logo do que xa víñ da Historia, estou convencido de que fará "historia" na laboura cultural galega, e neste caso, fora de Galicia.- Por eso que a Terra, e todos nós, débenche fonda gratitud, pola tarefa que botaches enriba de tí.

Teño que voltar por Montevideo, cecais a fins da semán próxima; agardo poder realizar á viaxe un día de labor para poder verte.

Mentras tanto, e con sáudos garimosos para os teus, recibe unha forte aperta do teu agradecido irmán

*Pita*